

CRITERIOS DE CORRECCIÓN, VALORACIÓN E SUPERACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO EXTRAORDINARIO DE ESTABILIZACIÓN DERIVADO DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, POLA QUENDA DE ACCESO LIBRE E MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO - OPOSICIÓN PARA O INGRESO NO CORPO DE XESTIÓN DA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, SUBGRUPO A2, CONVOCADO POLA RESOLUCIÓN DO 22 DE DECEMBRO DE 2022 (DOG NÚM. 245, DO 27 DE DECEMBRO) E MODIFICADO POLAS RESOLUCIÓNS DO 20 DE XANEIRO DE 2023 (DOG NÚM. 15, DO 23 DE XANEIRO) E DO 6 DE FEBREIRO DE 2023 (DOG NÚM. 26, DO 7 DE FEBREIRO)

En sesión que tivo lugar o día 19 de febreiro de 2024, o tribunal nomeado pola Resolución do 14 de decembro de 2023 (DOG núm.240, do 20 de decembro de 2023), para cualificar o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso - oposición para o ingreso no corpo de xestión da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A2, acordou, de conformidade co disposto na base III.1.2.10 da convocatoria, establecer os seguintes criterios de corrección, valoración e superación do primeiro exercicio do proceso selectivo.

ESTRUCTURA DO EXERCICIO

Este primeiro exercicio consistirá en contestar por escrito un cuestionario de contido teórico de cento corenta **(140)** preguntas tipo test relacionado co anexo que figura na Resolución do 20 de decembro de 2022 (DOG núm. 242, do 22 de decembro).

O exercicio dividirase en **dúas** partes:

A primeira parte consistirá en contestar por escrito un cuestionario de contido teórico de trinta **(30)** preguntas da parte xeral-bloque I. Esta parte disporá de tres **(3)** preguntas de reserva. As preguntas terán catro (4) respostas alternativas propostas polo tribunal, das cales só unha delas será a correcta.

A segunda parte consistirá en contestar por escrito un cuestionario de contido teórico e práctico de cento dez **(110)** preguntas da parte xeral-bloque II, das cales noventa **(90)** preguntas serán de contido teórico e vinte **(20)** preguntas serán sobre un suposto práctico tipo test, sobre un ou varios textos propostos polo tribunal. O exercicio disporá de seis **(6)** preguntas de reserva, das cales dúas **(2)** serán sobre un suposto práctico. As preguntas terán catro (4) respostas alternativas propostas polo tribunal, das cales só unha delas será a correcta.

As preguntas adicionais de reserva serán valoradas **só** no caso de que se anule algunha das preguntas do exercicio, entrando a pregunta reserva correspondente á parte á que corresponda a pregunta anulada e pola orde das mesmas.



O tempo máximo de duración deste exercicio será de cento oitenta **(180)** minutos, agás as posibles adaptacións de tempo concedidas ás persoas aspirantes con discapacidade.

DETERMINACIÓN DA SUPERACIÓN DA PROBA E NÚMERO DE APROBADOS

Os criterios de puntuación serán os seguintes:

1. Cada resposta correcta equivale a unha unidade de puntuación.
2. Cada resposta incorrecta descontará un cuarto dunha pregunta correcta.
3. As preguntas non contestadas non penalizan nin reciben puntuación.
4. As preguntas adicionais de reserva serán valoradas só no caso de que se anule algunha das preguntas do exercicio.

Superarán o exercicio as persoas aspirantes que teñan as mellores puntuacións ata completar o número máximo de **vinte (20)**, sempre que acaden, en cada unha das partes, o mínimo do **50 %** das respostas correctas, unha vez feitos os descontos correspondentes.

Unicamente de darse o caso de non completar o número de **20** aprobados cos criterios do parágrafo anterior, rebaixarase ao mínimo, en cada unha das partes, do 40% das respostas correctas, unha vez feitos os descontos correspondentes, sempre que non superen o número máximo de **20** persoas aspirantes.

O criterio expresado de obtención neste primeiro exercicio dunha porcentaxe mínima de acertos en cada unha das partes ven referido respectivamente á primeira parte do contido teórico (**30** preguntas) é á segunda parte de contido teórico e práctico (**110** preguntas), sen que sexa posible compensar os acertos que excedan nunha parte cos que falten na outra.

Todas as persoas aspirantes con idéntica puntuación a aquela que marque a nota de corte establecida de acordo cos criterios anteriores, considéranse igualmente aprobadas.

O exercicio cualificarase de 0 a 30 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de quince (15) puntos. Asignarase a valoración de 15 puntos no exercicio ás persoas aspirantes que obteñan unha nota equivalente á nota de corte fixada segundo os criterios anteriores. O resto das persoas declaradas aptas terán unha cualificación distribuída entre os 15 e os 30 puntos, proporcional ao número de respostas correctas.

En Santiago de Compostela

A Presidenta do Tribunal
(asinado electronicamente)

